


XIX PREMIO LUIS FREIRE DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA NA *Escola*

2017
2018

*A mellor forma de aprender
ciencia é facer ciencia*



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA



LUIS FREIRE GARCÍA

A Coruña, 1914 - Vigo, 1997

Luis Freire naceu na Coruña en 1914. Aos 3 anos trasladouse coa súa familia a Vilalba, onde vivían os seus avós maternos. Asistiu á escola pública, donde unhas mestras excepcionais deixarán unha profunda pegada no seu xeito de aprender e de ensinar. Esta estancia en Vilalba

converteulle, en palabras do escritor e profesor Alonso Montero, nun «aristócrata de aldea».

Ao tempo que desenvolvía a súa actividade profesional comezou a practicar unha afección á que dedicaría toda a súa vida: o estudio da natureza. Aos 57 anos trasladouse a Santiago de Compostela para estudar Ciencias Biolóxicas, licenciándose en 1975; a continuación realizou a tese de licenciatura e a tese doutoral. Durante este tempo impartiu clases de Botánica na

Facultade e codirixiu cinco teses de licenciatura sobre flora e micoloxía de Galicia. En 1981 defendeu a súa tese doutoral sobre fungos “Macromicetos da Selva Negra”. A partir de entón, a micoloxía converteuse na súa principal liña de investigación. Publicou máis de 40 artigos, 4 libros, participou en medio centenar de congresos e dirixiu 8 teses de licenciatura e 2 teses doutorais sobre o tema.

Luis Freire foi membro fundador da Sociedade Galega de Historia Natural, do Grupo Botánico Galego, do Grupo Micolóxico Galego e da Asociación de Amigos da Casa das Ciencias.

www.mc2coruna.org/luis-freire

O Excmo. Concello da Coruña en colaboración coa Asociación de Amigos da Casa das Ciencias, convoca o XIX Premio Luis Freire de Investigación Científica na Escola nas súas dúas modalidades:

- Investigación científica en Ensino Primario
- Investigación científica en Ensino Secundario Obrigatorio

Establécense as seguintes bases para cada modalidade:

MODALIDADE DE “INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA EN ENSINO PRIMARIO”

FINALIDADE

Fomentar actitudes positivas hacia a ciencia, dando resposta, mediante a experimentación ou o traballo de campo, a cuestións que teñan relación con feitos ou procesos do noso entorno máis inmediato e da vida cotiá. A idea que debe inspirar estes traballos é “a mellor forma de aprender ciencia é facer ciencia”. Premiaranse aquelas investigacións que se distinguan pola orixinalidade e o rigor das súas formulacións e conclusións.

PARTICIPANTES

Profesorado de Ensino Primario en Galicia co alumnado da aula que se inscriba.



INSCRICIÓN

- Cada profesor/a que desexe participar deberá formular a pregunta que será obxecto da súa investigación e cumprimentar o boletín de inscrición, onde redactará un resume do proxecto (extensión máxima de 60 palabras). Haberá que enviálo ao correo electrónico premioluisfreire@casaciencias.org ou entregalo na Casa das Ciencias antes das 12 horas do día 29 de decembro de 2017.

- As persoas participantes recibirán confirmación da inscrición do seu proxecto de investigación científica no concurso. Non se admitirá máis de unha pregunta por participante.

- Quen estean admitidos poderán comezar as súas investigacións e traballos ao recibir a confirmación de inscrición.

Os Museos Científicos Coruñeses poñen a disposición dos equipos participantes un servizo de asesoría que se pode solicitar escribindo a: premioluisfreire@casaciencias.org

PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

- O prazo para a presentación das memorias dos traballos rematará o 28 de marzo de 2018, e deberán enviarse ou entregarse na Casa das Ciencias (Parque de Santa Margarita s/n, 15002 A Coruña). Tamén se poderán enviar por correo electrónico ao enderezo premioluisfreire@casaciencias.org

- As memorias correspondentes as investigacións realizadas co alumnado na práctica docente deberán ser orixinais e inéditas. Incluirán unha planificación (na que se especifiquen obxectivos), reparto de tarefas entre o/a profesor/a e os/as alumnos/as, descrición das actividades realizadas e unha valoración educativa. Tamén se valorará a inclusión doutros aspectos que poidan resultar de interese para explicar como se utilizou a metodoloxía científica na práctica educativa.

- O comité de selección comunicarlles aos participantes, antes do 15 de abril de 2018, os 3 traballos finalistas.

As persoas autoras dos traballos presentados cederán aos Museos Científicos Coruñeses o dereito de utilización, reprodución e difusión sen necesidade de permiso expreso, quen se

comprometen a mencionar a autoría. Á súa vez, as persoas autoras comprométese a citar o premio recibido nos actos e publicacións nos que puidesen participar en relación cos seus traballos galardoados.

AUTORÍA

Os profesores e profesoras participantes garantirán que as memorias e os traballos presentados son orixinais e inéditos. Non poden ser publicados nin presentados a outros premios ou certames antes da súa inscrición nesta convocatoria.

XURADO

A valoración dos traballos realizarase por un equipo de persoas presidido polo Excmo. Sr. Alcalde da Coruña ou persoa na que delegue, e estará composto por profesorado e persoas expertas en educación científica dos seguintes ámbitos:

- Ensino Primario
- Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato ou Ciclos Formativos

- Universidade
- Asociación de Amigos da Casa das Ciencias
- Museos Científicos Coruñeses

Actuará como Secretario do Xurado o Xefe de Servizo dos Museos Científicos Coruñeses.

EXPOSICIÓN

As persoas autoras dos traballos finalistas realizarán a presentación pública das súas conclusións no Salón de Actos da Domus o 28 de abril de 2018, a partir de las 10 horas.

A orde de exposición dos grupos determinarase por sorteo ese mesmo día, antes de comezar as presentacións. O/a profesor/a valorará a oportunidade de que algún dos seus alumnos participe na exposición do seu traballo.


Cada presentación non poderá exceder de 10 minutos. Ao finalizar cada unha, o Xurado poderá realizar preguntas a quen participa.

VEREDICTO DO XURADO

Logo da presentación dos traballos das tres modalidades o Xurado retirárase para deliberar. A continuación comunicará o seu veredicto e procederase á entrega de Premios.

O Xurado valorará a autenticidade das investigacións, a súa orixinalidade, o seu rigor científico, o sentido crítico, e aqueles aspectos que demostren curiosidade e constancia.

O veredicto do Xurado será inapelable. Os premios poderanse declarar desertos.



PREMIOS

- Primeiro premio: o/a profesor/a recibirá un equipo electrónico por determinar. A aula recibirá como obsequio a posibilidade de realizar unha visita especial ao Aquarium Finisterrae durante a que poderán participar na alimentación das focas e coñecer as instalacións non visibles ao público (inclúe todas as taxas municipais e exclúe transporte e dietas). Tamén poderán presentar o seu traballo na feria científica Galiciencia*, Ourense, en novembro de 2018.

- Segundo premio: o/a profesor/a recibirá un equipo electrónico por determinar. A aula recibirá como obsequio a posibilidade de realizar unha visita especial ao Aquarium Finisterrae durante a que poderán alimentar ás focas e coñecer as instalacións non visibles ao público (inclúe todas as taxas municipais e exclúe transporte e dietas).

- Terceiro premio: o/a profesor/a recibirá un equipo electrónico por determinar. A aula recibirá como obsequio a posibilidade de realizar unha visita especial ao Aquarium Finisterrae durante a que poderán alimentar ás focas e coñecer as instalacións non visibles ao público (inclúe todas as taxas municipais e exclúe transporte e dietas).

* As persoas finalistas adaptaranse ás normas de participación de Galicia.

ACEPTACIÓN

A presentación de traballos supón a plena aceptación destas bases.

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal declarados no formulario de inscrición pasarán a formar parte dun ficheiro cuxo responsable será o Concello da Coruña, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión das actividades que, no ámbito das súas competencias, desenvolven os museos científicos municipais, con especial atención ao ámbito educativo, artístico, cultural e de protección do patrimonio histórico-artístico.

Poderanse realizar cesións de datos puntuais a outras entidades, públicas e privadas, sempre acoutadas á realización de actividades organizadas e desenvolvidas conxuntamente entre o Concello e estas entidades.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeneral do Concello da Coruña (Pza. María Pita, 1), nos términos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada Lei Orgánica 15/1999.

A aplicación destas bases queda condicionada á aprobación dos orzamentos municipais do ano 2018. A tramitación de expedientes de gasto entenderase condicionada a que, ao adoptarse o acordo

de autorización do compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron devanditos actos.

MODALIDADE DE “INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA EN ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO”

FINALIDADE

Fomentar actitudes positivas cara á ciencia, dando resposta, mediante a experimentación ou o traballo de campo, a cuestións que teñan relación con feitos ou procesos da nosa contorna máis inmediata e da vida cotiá. A idea que debe inspirar estes traballos é “a mellor forma de aprender ciencia é facer ciencia”. Premiaranse aquelas investigacións que se distinguen pola orixinalidade e o rigor das súas formulacións e conclusións.




PARTICIPANTES

Alumnado de Ensino Secundario Obrigatorio en Galicia, individualmente ou en grupos, como máximo de 3 estudantes.

INSCRICIÓN

- Quen desexen participar deberán elixir a pregunta que será obxecto da súa investigación e cumprimentar o boletín de inscrición, onde redactarán un resumo do proxecto (extensión máxima de 60 palabras). Haberán de envialo ao correo electrónico premioluisfreire@casaciencias.org ou entregalo na Casa das Ciencias antes das 12 horas do día 29 de decembro de 2017.
- As persoas participantes recibirán confirmación da inscrición do seu proxecto no concurso. Non se admitirá máis de unha pregunta por grupo.
- Quen estean admitidos poderán comezar as súas investigacións e traballos ao recibir a confirmación de inscrición.

Os Museos Científicos Coruñeses poñen a disposición dos equipos participantes un servizo de asesoría que se pode solicitar escribindo a: premioluisfreire@casaciencias.org



PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

O prazo para a presentación das memorias dos traballos rematará o 28 de marzo de 2018, e deberán enviarse ou entregarse na Casa das Ciencias (Parque de Santa Margarita s/n, 15002 A Coruña).

Tamén se poderán enviar por correo electrónico ao enderezo premioluisfreire@casaciencias.org

- As memorias correspondentes aos traballos deberán ser orixinais e inéditas; conterán a descrición das tarefas e experiencias realizadas, os datos obtidos e as hipóteses e conclusións establecidas.

- O comité de selección comunicará aos participantes, antes do 15 de abril de 2018, os 3 traballos finalistas.

As persoas autoras dos traballos presentados cederán aos Museos Científicos Coruñeses o dereito de utilización, reprodución e difusión sen necesidade de permiso expreso, quen se comprometen a realizar mención á autoría. Á súa vez, as persoas autoras comprométense a citar o premio recibido en todos os actos e publicacións nos que puidesen participar en relación cos seus traballos galardoados.

AUTORÍA

Os profesores e profesoras participantes garantirán que as memorias e os traballos presentados son orixinais e inéditos. Non poden ser publicados nin presentados a outros premios ou certames antes da súa inscrición nesta convocatoria.

XURADO

A valoración dos traballos realizarase por un equipo de persoas presidido polo Excmo. Sr. Alcalde da Coruña ou persoa na que delegue, e estará composto por profesorado e persoas expertas en educación científica dos seguintes ámbitos:



- Ensino Primario
- Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato ou de Ciclos Formativos
- Universidade
- Asociación de Amigos da Casa das Ciencias
- Museos Científicos Coruñeses

Actuará como Secretario do Xurado o Xefe de Servizo dos Museos Científicos Coruñeses.

EXPOSICIÓN

O comité de selección elixirá os 3 traballos finalistas, e as persoas autoras dos mesmos realizarán a presentación pública das súas conclusións no Salón de Actos da Domus o 28 de abril de 2018, a partir das 10 horas. A orde de exposición dos grupos determinarase por sorteo ese mesmo día, antes de comezar as presentacións.

Cada presentación non poderá exceder de 10 minutos. Ao finalizar cada unha, o Xurado poderá realizar preguntas aos participantes.

VEREDICTO DO XURADO

Logo da presentación dos traballos das tres modalidades o Xurado retirárase para deliberar. A continuación comunicará o seu veredicto e procederase á entrega de Premios.

O Xurado valorará a autenticidade das investigacións, a súa orixinalidade, o seu rigor científico, o sentido crítico, e aqueles aspectos que demostren curiosidade e constancia.

O veredicto do Xurado será inapelable. Os premios poderanse declarar desertos.

PREMIOS

- Primeiro premio: o/a profesor/a e os/as alumnos/as gañadores recibirán un equipo electrónico por determinar. Presentación do traballo na feira científica Galiciencia*, Ourense, en novembro de 2018.
- Segundo premio: o/a profesor/a e os/as alumnos/as gañadores recibirán un equipo electrónico por determinar.



- Terceiro premio: o/a profesor/a e os/as alumnos/as gañadores recibirán un equipo electrónico por determinar.

* As persoas finalistas adaptaranse ás normas de participación de Galicia.

ACEPTACIÓN

A presentación de traballos supón a plena aceptación destas bases.


PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal declarados no formulario de inscrición pasarán a formar parte dun ficheiro cuxo responsable será o Concello da Coruña, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión das actividades que, no ámbito das súas competencias, desenvolven os museos científicos municipais, con especial atención ao ámbito educativo, artístico, cultural e de protección do patrimonio histórico-artístico.

Poderanse realizar cesións de datos puntuais a outras entidades, públicas e privadas, sempre acoutadas á realización de actividades organizadas e desenvolvidas conxuntamente entre o Concello e estas entidades.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeneral do Concello da Coruña (Pza. María Pita, 1), nos términos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada Lei Orgánica 15/1999.

A aplicación destas bases queda condicionada á aprobación dos orzamentos municipais do ano 2018. A tramitación de expedientes de gasto entenderase condicionada a que, ao adoptarse o acordo de autorización do compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron devanditos actos.



Amigos de la
Casa de las Ciencias
Asociación



tecnópole